

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AMES

Anuncio de contratación da subministración de combustible para vehículos e maquinaria do Concello de Ames

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCE- LLO DE AMES

1.-Entidade adxudicataria.

- a) Organismo: Concello de Ames.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

2.-Obxecto do contrato.

- a) Contratación da subministración de de combustible para os vehículos e maquinaria do Concello de Ames.
- b) División por lotes e número: non.
- c) Lugar de execución: Concello de Ames.
- d) Prazo de execución: o prazo de duración do contrato será de dous anos, dende a súa formalización, con posibilidade dunha prórroga dun ano antes da finalización do prazo inicial por mutuo acordo das partes ata alcanzar un total máximo de tres anos.

3.-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con único criterio de adxudicación (factor prezo).

4.-Orzamento: valor estimado do contrato, 134.112,14 € máis o 21% de IVE, que supón 28.163,55, o que fai un importe total de 162.275,69 €.

5.-Garantía provisional: non se esixe.

6.-Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Concello de Ames.
- b) Domicilio: praza do Concello, s/n - Bertamiráns.
- c) Localidade e código postal: Ames (A Coruña) 15220.
- d) Teléfono 981 883002
- e) Telefax 981 884929.
- f) Data límite de obtención de documentos e información: ata á data de finalización de presentación de proposicións.

7.-Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

Presentación de ofertas: os licitadores poderán presentar as proposicións no rexistro xeral do Concello de Ames, ata as 14.00 horas, no prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

- a) Documentación a presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Ames.
- c) Admisión de variantes (concurso): non se admiten.

8.-Apertura das ofertas.

- Entidade: Concello.
- Domicilio: praza do Concello s/n - Bertamiráns.

- Localidade: Ames.
- Data e hora: indicárase cunha antelación mínima de 2 días hábiles no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello.

9.-Gastos de anuncios.

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación, de ser o caso, e doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

10.-Portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: www.concellodeames.org. (perfil do contratante).

Ames a 10 de decembro de 2014,

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro

2014/13529